

O período literario comprendido nos primeiros dous terzos do século XIX (de 1800 a 1863) coñécese co nome de **Prerrexurdimento**, e marca un punto de inflexión con respecto ás manifestacións literarias escritas en galego, dando lugar progresivamente aos primeiros pasos que permitirán a chegada do Rexurdimento pleno no último terzo do século.

Na primeira metade do século XIX aínda son poucas as manifestacións literarias. Os primeiros textos do século fan referencia a **circunstancias políticas e históricas**:

- **A guerra de independencia contra os franceses (1808)** dá lugar aos primeiros textos en galego, nos que se animaba á poboación a participar na loita contra os invasores. Neste grupo estarían textos como **“O labrador que foi sarxento”**, ou a obra ***Proezas de Galicia*** de José Fernández de Neira, que trata acerca da guerra contra os franceses..
- **As disputas entre absolutistas e liberais** dan lugar a textos de carácter propagandísticos redactados en follas soltas ou escritos na prensa diaria. Neste grupo encadraríamos a obra ***La Tertulia de la Quintana de Santiago***, en defensa da constitución de 1812.
- **Obras máis puramente literarias serían:** a obra de teatro ***A Casamenteira*** (1812) de A. Benito Fandiño, vilancicos de Nadal e a **“Égloga de Belmiro e Benigno”** de Nicomendes Pastor Díaz, moi popular na súa época.

Na década de 1840 iníciase un movemento que será o primeiro xermolo do galeguismo: o provincialismo¹. Entre 1833 e 1863 inician a obra en galego os chamados **Precursores**, un grupo de escritores vencellados ao provincialismo e comprometidos coa identidade galega e a súa reivindicación. Os precursores máis destacados son:

- **Xoán Manuel Pintos**, autor de ***A gaita gallega*** (1853), primeiro libro en galego do século XIX, no que mestura galego e castelán e partes en verso con outras en prosa. É autor doutras composicións publicadas en xornais, e unha narración en prosa de tema amoroso chamada ***Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea*** (1858).
- **Francisco Añón**, autor de poesías costumistas e patrióticas que publicou en diferentes xornais da época das que hoxe conservamos 39. O seu poema máis famoso é “A Galicia”, co que gañou o primeiro accésit aos Xogos Florais da Coruña de 1861.
- **Alberto Camino, Antonio María de la Iglesia e Francisco María de la Iglesia** son outros dos poetas precursores que publicaron nos xornais e revistas da época.

En 1861 celebráronse na Coruña os primeiros Xogos Florais (ao estilo dos celebrados en Barcelona dous anos antes). Neles presentáronse poemas en galego, a minoría, e en castelán, que foron publicados ao ano seguinte no Álbum de la Caridad, que inclúe unha antoloxía bilingüe de poetas galegos, sendo a primeira recompilación de poetas galegos do XIX. Nel hai 40 poemas en galego, entre os cales atopamos poemas de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

¹ Grupo de mozos universitarios que reaccionan contra o proceso asimilador dos gobernos do estado liberal español e son conscientes do carácter específico de Galicia (idioma, historia, encomía, folclore...). Participaron activamente no levantamento de Solís de 1846, que fracasa e onde serán fusilados algúns líderes deste movemento. O movemento tivo unha faceta cultural que reivindicou o uso do galego como arma contestataria.